

## COOPERATIVAS

A Sociedade Cooperativa defínese como un grupo de persoas, físicas e xurídicas, que con capital variable e baixo xestión e estrutura democráticas, se asocian mediante unha empresa en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria ( principio de portas abertas), para solucionar as súas necesidades económicas e sociais en común, asumindo riscos e compartindo beneficios unha vez atendidos os fondos comunitarios.

En canto as **características**, as máis importantes son:

-O **capital é variable**, xa que pode aumentar ou diminuír en función do número de socios.

-Libre adhesión e baixa voluntaria.

-Funcionan de **forma democrática**: cada membro te un voto, con independencia da súa aportación.

-A **responsabilidade é limitada** salvo disposición contraria nos estatutos, que deberán sinalar o alcance da responsabilidade.

-As cooperativas **non teñen ánimo de lucro**, si no que persiguen outros fines de interés económico e social .Polo que se hai excedentes, unha vez atendidos os fondos comunitarios, deben ser repartidos de forma equitativa entre os seus membros en función das actividades que realizan e non do capital aportado.

## CLASES DE COOPERATIVAS

As cooperativas se clasifican como de **primer grado** os socios son persoas físicas ou xurídicas e de segundo ou ulterior grado cando están constituídas por dúas ou máis cooperativas da mesma ou distinta clase.

Dentro das cooperativas de primeiro grado hai:

- De traballo asociado
- De consumidores ou usuarios
- De vivendas
- Agrarias
- De explotación comunitaria da terra
- De servizos
- Do mar
- De transportistas
- De seguros
- Sanitarias
- De ensino
- De crédito

Nas cooperativas de traballo asociado ( que requiren como mínimo tres socios) coma nas sociedades laborales xorden como resultado da capacidade de auto-organización dos propios traballadores e respostan a iniciativas para facer fronte ó desemprego.

Neste tipo de cooperativas non existe un mínimo de Capital Social

Neste tipo de cooperativas, os **excedentes netos** do exercicio económico, unha vez deducidos os impostos se aplican ós seguintes fines.

A **Fondo de Reserva Obligatorio** destinado a consolidación, desenrolo e garantía da Cooperativa.

A **Fondo de Educación e Promoción** destinado a actividades de educación e formación dos socios.

O resto dos excedentes pódense aplicar a **Retorno Cooperativo**( é dicir, reparto entre os socios en proporción á actividade cooperativizada, nunca en proporción a súa participación no Capital Social, á participación dos traballadores asalariados nos beneficios da Cooperativa( equivalente ó 25% do retorno obtido polo socio traballador con actividade similar), a incrementar o **Fondo de Reserva Obligatorio** ou á creación dun **Fondo de Reserva Voluntario**